UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Técnicas de Simulación | Código | 614111646 |
| Titulación | Enxeñeiro en Informática | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| 1º e 2º Ciclo | 1º cuadrimestre | Todos | Optativa | 4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | CastelánGalego | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Electrónica e Sistemas | | |
| Coordinación | Sanjurjo Amado, Jose Rodrigo | Correo electrónico | jose.sanjurjo@udc.es |
| Profesorado | Sanjurjo Amado, Jose Rodrigo | Correo electrónico | jose.sanjurjo@udc.es |
| Web | campusvirtual.udc.es/moodle | | |
| Descrición xeral | A materia busca o estudo da aplicación de ferramentas informáticas á simulación de circuitos dixitais, desde os máis simples vistos nas materias troncais de primeiro curso Tecnoloxía Electrónica e Tecnoloxía de Computadores, ata os máis complexos estudados na materia obrigatoria de segundo curso Estrutura de Computadores I.<br><br>Estas ferramentas tamén poden axudar ao alumno no estudo dos dispositivos e sistemas que verán na materia obrigatoria de terceiro curso Estrutura de Computadores II.<br>Os obxectivos desta materia son:<br>1) coñecer ferramentas informáticas para a simulación de circuitos dixitais;<br>2) comprender o funcionamento dos circuitos dixitais;<br>3) valorar a utilidade dos circuitos dixitais. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Aprender de maneira autónoma novos coñecementos e técnicas avanzadas axeitadas para a investigación, o deseño e o desenvolvemento de sistemas e servizos informáticos. |
| A2 | Concibir e desenvolver novas arquitecturas de computación, en especial para sistemas multiprocesadores, analizando e adaptando diversas alternativas tecnolóxicas a cada problema concreto. |
| A9 | Dirixir equipos de traballo ligados ao deseño de produtos, procesos, servizos informáticos e outras actividades profesionais. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B9 | Capacidade para tomar decisións. |
| B12 | Capacidade para a análise e a síntese. |
| B13 | Capacidade de comunicación. |
| B15 | Motivación pola calidade. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Comprender o funcionamento dos circuitos dixitais como elementos constitutivos dos computadores. | A2 | B12 | C6 |
| Utilizar programas informáticos para a simulación de circuitos dixitais | A1 | B2<br>B12<br>B15 | C3<br>C6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Colaborar no deseño de sistemas dixitais sinxelos | A9 | B5<br>B9<br>B13 | |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. INTRODUCIÓN AOS SISTEMAS CAE, CAD E CAM | 1. Definicións<br>2. Cometidos principais<br>3. Exemplos de sistemas CAD/CAE usados en sistemas dixitais |
| 2. INTRODUCIÓN AO SISTEMA LOG | 1. Características<br>2. Compoñentes e cómo obtelas |
| 3. BASES DA SIMULACIÓN DIXITAL | 1. Manexo inicial do programa DIGLOG<br>2. Edición de circuitos<br>3. Catálogo e biblioteca de portas<br>4. Descrición dos menús<br>5. Visualización de cronogramas: modo SCOPE<br>6. Exemplos |
| 4. SIMULACIÓN DIXITAL XERÁRQUICA | 1. Metodoloxía<br>2. Exemplos |
| 5. SIMULACIÓN DIXITAL VLSI | 1. Biblioteca VLSI<br>2. Exemplos |
| 6. AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA DE CIRCUITOS: LOGED | 1. Deseño de portas<br>2. Utilización de novas portas no DIGLOG<br>3. Exemplos |
| 7. INTRODUCIÓN AO DESEÑO ANALÓXICO | 1. Introdución a ANALOG<br>2. Diferenzas entre DIGLOG e ANALOG<br>3. Exemplos |
| 8. DESEÑO DE SISTEMAS DIXITAIS CON VHDL | 1. Linguaxes de descrición hardware<br>2. Características principais de VHDL<br>3. Exemplos |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A2 B2 B15 C3 C6 | 20 | 10 | 30 |
| Prácticas de laboratorio | A1 A2 A9 B2 B5 B9 B12 B15 C3 C6 | 22 | 33 | 55 |
| Seminario | B12 C3 | 2 | 0 | 2 |
| Proba oral | B2 B9 B12 B13 B15 C3 C6 | 0.25 | 0.75 | 1 |
| Proba obxectiva | A1 A2 B2 B9 B12 B15 C3 C6 | 0.75 | 2.25 | 3 |
| Atención personalizada | | 9 | 0 | 9 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Sesión maxistral | Nas clases maxistrais expoñeranse os coñecementos necesarios sobre a simulación de sistemas dixitais, sobre o sistema LOG e sobre VHDL e o sistema ISE de Xilinx para a utilización dos paquetes informáticos nas prácticas de laboratorio. Para elo combinarase a exposición oral, coa utilización do encerado, proxeccións de computador e con material escrito (fotocopias de transparencias, apuntamentos, etc.). Tamén disporán dos horarios de titorías para facer calquer consulta sobre estas sesións no despacho do profesor. |
| Prácticas de laboratorio | As clases prácticas serán titorizadas, isto é, nelas os alumnos por parellas implementarán os circuitos que propoñan para o sistema LOG ou realizarán as prácticas de VHDL, e o profesor resolverá calquera dúbida que teñan sobre a utilización dos programas. Finalizada a práctica, o profesor avaliará o resultado final.<br>Para fomentar a iniciativa entre os alumnos e unha certa competividade, nas prácticas do sistema LOG darase liberdade aos alumnos para escoller un deseño dixital segundo uns requerimentos mínimos. |
| Seminario | No seminario explicarase a versión analóxica do simulador dixital. Non será avaliado. |
| Proba oral | Será unha proba práctica individual sobre o sistema LOG, con defensa oral diante do profesor. |
| Proba obxectiva | Consistirá nun exame escrito tipo test sobre a simulación VHDL |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba oral<br>Prácticas de laboratorio<br>Sesión maxistral | Nas prácticas de laboratorio haberá unha atención personalizada para calquera dúbida que se poda presentar durante as sesións.<br>Tamén haberá unha atención personalizada na proba oral, xa que é unha proba individual.<br>Os alumnos tamén dispoñen dos horarios de titorías para realizar calquera consulta sobre as sesións maxistrais ou as prácticas, ou ben para entregar as prácticas do sistema LOG. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba oral | B2 B9 B12 B13 B15 C3 C6 | Será un exercicio práctico individual sobre os programas do sistema LOG, con defensa oral. Será un cuarto da nota final. | 25 |
| Proba obxectiva | A1 A2 B2 B9 B12 B15 C3 C6 | Consistirá nun exame escrito tipo test sobre o tema de VHDL. Será un cuarto da nota final. | 25 |
| Prácticas de laboratorio | A1 A2 A9 B2 B5 B9 B12 B15 C3 C6 | Haberá que entregar unha práctica do sistema LOG, que valerá un cuarto da nota final.<br>Tamén haberá que entregar unha práctica de VHDL que será avaliada e que corresponderá a outro cuarto da nota final. | 50 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|
| A práctica do sistema LOG será avaliada segundo a orixinalidade do deseño presentado. Ademais tamén se valorará a presentación que se faga da práctica.<br><br>A práctica de VHDL será avaliada mediante un cuestionario que se cubrirá na entrega da práctica.<br><br>É obrigatorio entregar as dúas prácticas, o cuestionario e facer os dous exames finais para poder aprobar a materia. |

| Fontes de información |
|---|

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Serafín Alfonso Pérez, Enrique Soto e Santiago Fernández (2002). Diseño de Sistemas Digitales con VHDL. Ed. Thomson<br>- Óscar Besteiro Vázquez (1997). Aplicación del Sistema LOG al diseño y simulación de circuitos digitales. Proxecto de diplomatura da Facultadede de Informática da Universidade da Coruña<br>Documentación HTML do Sistema LOG en INTERNET: http://www.cs.berkeley.edu/~lazzaro/chipmunk/Documentación HTML do Sistema LOG nos PCs con Linux do laboratorio: file:/usr/local/chipmunk/webdoc/index.html |
| **Bibliografía complementaria** | - Rubén Bello Soto (1997). Aplicación del Sistema LOG al diseño y simulación de circuitos analógicos. Proxecto de diplomatura da Facultadede de Informática da Universidade da Coruña<br>- Departamento de Electrónica e Sistemas (2008). Apuntes de Tecnoloxía de Computadores. Facultade de Informática da Universidade da Coruña<br>- TEXAS INSTRUMENTS (1985). The TTL databook (vol. I).<br>- David A. Patterson e John L. Hennessy (2000). Estructura y Diseño de Computadores. Ed. Reverté<br>- Antonio Llorís e Alberto Prieto (1996). Diseño Lógico. Ed. McGraw-Hill<br>- Stephen Brown e Zvonko Vranesic (2066). Fundamentos de lógica digital con diseño VHDL. Ed. McGraw-Hill |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Arquitectura e Enxeñaría de Computadores/614111401<br>Estrutura de Computadores II/614111306 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| Tecnoloxía de Computadores/614111104<br>Tecnoloxía Electrónica/614111103<br>Estrutura de Computadores I/614111208 |
| **Observacións** |
| <p> ? Orientación para o estudo: como a materia é totalmente práctica, o estudante deberá utilizar os programas informáticos cos que se fan as prácticas para asentar os coñecementos. Ademais deberá repasar o estudado na materia Tecnoloxía de Computadores para a elaboración dos deseños.</p><p>? Como a materia non ten docencia presencial non se terá en conta nin será de aplicación o indicado nos apartados Planificación, Metodoloxías e Atención personalizada.</p> |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**